

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS:****CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E RELACIÓNS
LABORAIS**

Orde do 4 de novembro de 2002 pola que se nomean novos membros do Consello Galego de Relacións Laborais, en representación do sindicato UGT-Galicia.

De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais, as organizacións sindicais e empresariais designarán os seus membros representativos, que serán nomeados polo conselleiro de Traballo e Benestar Social.

Facendo uso da posibilidade de substitución que recolle o artigo 5 da dita lei, o sindicato UGT-Galicia acordou a substitución de varios dos seus membros titulares e suplentes, da súa representación no consello.

A disposición adicional primeira do Decreto 147/2002, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais sinala que «a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais exercerá as funcións asignadas á extinta Consellería de Traballo e Benestar Social pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais».

Por todo o exposto, ó abeiro do artigo 4 da referida Lei 7/1988, e en uso das atribucións que teño conferidas,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Nomear membro titular do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, en representación do sindicato UGT-Galicia, a José Carlos Rodríguez del Río, en substitución de Vicente Calvo Loureiro.

Artigo 2º

Nomear membros suplentes do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, en representación do sindicato UGT-Galicia, a María Luisa Rodríguez Vázquez en substitución de José Carlos Rodríguez del Río, a Ernesto Fontanes Blanco en substitución de Santiago Lamas Piñón e a Eladio Romero Ares en substitución de José Antonio Gómez Gómez.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2002.

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións
Laborais

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 305/2002, do 31 de outubro, polo que se crea a Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo (Lugo).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena desta Comunidade Autónoma para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; competencias que lle están atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos que figuran no artigo 2 do Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción de transferencias en materia educativa, e no artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, integra as ensinanzas de idiomas dentro da reordenación do sistema educativo que implanta, e determina, no seu artigo 50, que as ensinanzas de idiomas que se imparten nas escolas oficiais terán á consideración de ensinanzas de réxime especial a que se refire esta lei, e que a súa estrutura, efectos académicos e titulacións serán as establecidas na súa lexislación específica; regulación propia que se encontra recollida na Lei 28/1981, do 24 de xuño, de ordenación das escolas oficiais de idiomas, e no Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.

Por outra parte, a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, determina no seu artigo 17 que a creación dos centros públicos será efectuada polo Consello de Goberno da Comunidade Autónoma correspondente e competente.

Finalmente, considerando conveniente satisfacer a crecente necesidade social de coñecer os idiomas europeos e as linguas cooficiais do Estado español é polo que se estima oportuno proceder á creación da Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo (Lugo).

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de outubro de dos mil dous,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Créase a Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo (Lugo), e adscríbese á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 2º

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas necesarias para o mellor cumprimento do anteriormente sinalado e determinará os cadros de persoal docente, administrativo e subalterno necesario para o máis eficaz desenvolvemento das actividades docentes.

Disposición derradeira

Única.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de outubro de dos mil dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 19 de xuño de 2002 pola que se fixan os prezos de venda ó público de diversas publicacións da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exacciones reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, despois do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado, e despois de emitido o preceptivo informe favorable pola Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda ó público das publicacións realizadas por esta consellería que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse, se é o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2002.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo

ANEXO

- Catálogo de Salvador Cidrás*: 18,03 euros.
- Catálogo de Marine Hugonier*: 15,03 euros.
- Catálogo de Mónica Alonso*: 15 euros.
- Catálogo de Antony Gormley*: 36,06 euros (rústica) e 39,06 euros (cartoné).
- Antony Gormley*: 60 euros.
- Juan Navarro Baldeweg*: 30 euros.

Orde do 26 de xuño de 2002 pola que se fixan os prezos de venda ó público de diversas publicacións da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exacciones reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, despois do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitido o preceptivo informe favorable pola Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda ó público das publicacións realizadas por esta consellería que se relacionan no anexo.

Tabla 12. Estes prezos entenderanse, se é o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2002.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo

ANEXO

- Catálogo de Jorge Castillo*: 30,05 euros.
- Catálogo de Alberto Carneiro*: 30,05 euros (edición rústica).
- Catálogo de Alberto Carneiro*: 36,06 euros (edición cartoné).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 11 de novembro de 2002 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garanti-los servizos esenciais durante a folga convocada polos representantes dos traballadores da empresa Severiano Gestión, S.L., adxudicataria do contrato de xestión da documentación clínica do Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, desde as 0 ás 24 horas dos días 13, 14, 19, 20, 26, 27 e 28 de novembro, e 4, 5, 10, 11, 12 e 18 de decembro de 2002.

O artigo 28.2º da Constitución española reconece como dereito fundamental da persoa o dereito á folga.